

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

9353 *Real decreto 608/2013, do 2 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 1636/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX).*

Con data do 8 de abril de 2011 aprobouse o Real decreto lei 4/2011, de medidas urxentes de impulso á internacionalización mediante a creación da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), co obxecto de adaptar a entidade á actual conxuntura económica e mellorar a súa capacidade de adecuación ás prioridades cambiantes da política de apoio á internacionalización da economía española.

O dito real decreto lei foi desenvolvido, de conformidade co artigo 62.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, a través do Real decreto 1636/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX).

Nun contexto de crise económica como o actual, o Goberno considerou que a economía española necesita adoptar medidas adicionais que permitan impulsar substancialmente tanto o comercio exterior das empresas españolas ante a actual insuficiencia de demanda interna, como o investimento en España procedente do exterior.

Para iso o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, incluíu no seu artigo 32 unha modificación do citado Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril, engadindo como fins do ICEX as actividades relativas á atracción e promoción dos investimentos estranxeiros en España e cambiando, en consonancia, a súa denominación a entidade pública empresarial ICEX España Exportación e Inversións.

Co fin de adaptar o Estatuto do ICEX ao novo marco normativo antes descrito e ampliar o seu ámbito de actuación, apróbase esta modificación do Real decreto 1636/2011, do 14 de novembro, do ICEX. Todas estas actuacións considéranse de interese xeral nos plans da entidade pública empresarial e exixen un esforzo colectivo coordinado que debe ser afrontado co concurso de todas as administracións públicas e do sector privado.

Iso require que nos órganos de goberno e consultivos da entidade pública empresarial ICEX se dea entrada sen demora tanto ao sector público empresarial como a unha ampla representación do sector privado implicado na internacionalización e na atracción de investimentos a España. Neste sentido, o Consello de Orientación Estratéxica do ICEX reconfigúrase para que, cunha maioritaria presenza do sector privado, se converta nunha ferramenta esencial onde cristalice a converxencia entre as políticas públicas e as estratexias empresariais de internacionalización; todo iso sen prexuízo do reforzo da coordinación das políticas de internacionalización coas comunidades autónomas a través do Consello Interterritorial de Internacionalización.

Finalmente, introdúcense as adaptacións no réxime de persoal directivo que exixe o Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e noutras entidades.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Economía e Competitividade, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de agosto de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1636/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX).*

O Real decreto 1636/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), queda modificado como segue:

Un. O título do real decreto queda redactado do seguinte modo:

«Real decreto 1636/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial ICEX España Exportación e Investimentos (ICEX)».

Dous. O artigo único do Real decreto 1636/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), queda redactado como segue:

«Artigo único. *Aprobación do estatuto.*

Apróbase o Estatuto da entidade pública empresarial ICEX España Exportación e Investimentos (ICEX), cuxo texto se insire a seguir».

Tres. O artigo 3 do estatuto queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 3. *Fins.*

1. No marco da política económica do Goberno, o ICEX ten como fins a promoción da internacionalización da economía e da empresa española e a mellora da súa competitividade, así como a atracción e a promoción dos investimentos estranxeiros en España.

2. O ICEX impulsará a internacionalización das empresas españolas, en especial das pequenas e medianas empresas (pemes), en todas as fases do seu proceso de internacionalización, a través da prestación daqueles servizos, programas, apoios económicos, instrumentos de información, financiamento, formación ou asesoría que en cada momento se lle requiran. O ICEX poderá realizar por si ou por conta de terceiros calquera actividade tendente á consecución de operacións de comercio exterior e de internacionalización da tecnoloxía e innovación españolas ou de apoio á cooperación internacional, así como actividades de fomento dos investimentos de empresas españolas no exterior, incluíndo, cando así se requira, a participación conxunta en empresas a través de instrumentos de capital risco nos cales interveñan parcial ou totalmente fondos públicos e a concesión de préstamos participativos.

3. O ICEX impulsará a promoción da imaxe de España no exterior asociada a un país competitivo, crecentemente internacionalizado e dotado de recursos humanos e tecnolóxicos adecuados ao proceso de globalización dos mercados e das economías. Así mesmo, fomentará a mellora do clima de negocios favorable e atractivo para o investimento exterior no noso país.

4. Nas actuacións que desenvolva, o ICEX prestará particular atención á colaboración con outros organismos públicos e privados e entidades que compartan con el a finalidade de apoiar a internacionalización da economía española e a promoción dos investimentos estranxeiros en España».

Catro. O artigo 4 do estatuto queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 4. *Funcións.*

1. Atribúenselle ao ICEX as seguintes funcións:

a) Elaborar formulacións estratéxicas e definir prioridades por sectores e mercados para a internacionalización da empresa española e a atracción de investimentos a España, de acordo coas directrices da Secretaría de Estado de Comercio. Deseñar e ofrecer instrumentos de apoio para este fin e executar as accións correspondentes.

b) Promover unha oferta integrada de servizos a empresas que incorpore as distintas entidades implicadas na internacionalización e a atracción de investimentos a España, colaborando con outras administracións públicas, entidades privadas e organizacións empresariais representativas, tanto na planificación e no deseño de accións de apoio como na súa execución.

c) Apoiar os proxectos de internacionalización das empresas españolas e a súa implantación en mercados exteriores mediante a participación en empresas, servizos, préstamos, mesmo participativos, axudas e calquera outro instrumento xestionado polo ICEX que facilite o acceso da empresa a eses mercados.

d) Prestar apoio e desenvolver as accións colectivas de internacionalización para grupos de empresas en colaboración, se é o caso, coas organizacións representativas das empresas e con outras entidades públicas e privadas, fomentando particularmente a cooperación empresarial.

e) Favorecer a participación das empresas españolas en feiras e eventos internacionais de maneira que se optimicen estas actividades, tanto en termos de resultados comerciais para as empresas como de mellora da imaxe empresarial de España no exterior.

f) Promover, mediante axudas económicas, cantas accións se consideren necesarias e oportunas a favor da imaxe das empresas, dos produtos, dos servizos, das marcas e tecnoloxías españolas, así como desenvolver actuacións para proxectar unha imaxe de España e das empresas españolas dun país competitivo, aberto e internacionalizado e dotado de infraestruturas, recursos humanos e tecnolóxicos adecuados para actividades e investimentos, e como plataforma de acceso a terceiros mercados nunha economía global.

g) Prestar os servizos de información, formación e asesoramento necesarios para a toma de decisións das empresas e dos axentes implicados na promoción da internacionalización, así como proporcionarles información sobre a oferta española ás empresas e aos axentes estranxeiros e desenvolver cantas accións sexan necesarias para potenciar a intelixencia empresarial.

h) Prover unha oferta como centro de formación da Administración en materia de economía, comercio internacional e investimentos exteriores, dirixida especialmente a facilitarlle á empresa un mellor coñecemento e aproveitamento das oportunidades nos mercados exteriores, así como programas de capacitación de futuros profesionais orientados á área internacional da empresa.

i) Sensibilizar e apoiar mediante axudas as empresas na súa iniciación á internacionalización, con atención preferente ás pemes e ás empresas innovadoras.

j) Prestarlles servizos, con carácter personalizado e á medida das súas necesidades, ás empresas e a outros axentes públicos e privados involucrados na internacionalización, para facilitar o acceso da empresa española aos mercados exteriores ou os investimentos conxuntos e as colaboracións con empresas estranxeiras de países terceiros, tanto en España como en mercados exteriores.

k) Desenvolver actuacións de promoción e captación de novos proxectos e investimentos directos exteriores en España en sectores de interese para a internacionalización e a competitividade da estrutura empresarial. Prestarlles servizos de valor engadido aos investidores estranxeiros interesados en investir en

España ou aos xa establecidos para manter o investimento e fomentar o reinvestimento.

l) Establecer liñas de colaboración con todas as institucións que no ámbito estatal, autonómico e local se dedican á promoción e á atracción de investimentos. Promover un clima de negocios favorable aos investimentos exteriores e as melloras normativas ou de infraestruturas que faciliten a actividade e os investimentos, promovendo as medidas e reformas necesarias para mellorar a posición de España como centro de negocios e actividade empresarial internacional.

ll) Desenvolver as funcións de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos organismos e entidades dependentes dela, para os traballos que se lle encomenden en relación coa internacionalización da empresa española, a cooperación internacional e a atracción de investimentos.

m) Cooperar e promover accións con outras institucións nacionais, estranxeiras e multilaterais con intereses no ámbito da internacionalización e a atracción de investimentos, asegurando unha coordinación adecuada cos ministerios competentes.

n) Calquera outra actuación que o ICEX considere necesaria ou conveniente para impulsar a internacionalización da empresa española ou que lle poida ser encomendada polo órgano de adscrición, pola Secretaría de Estado de Comercio ou polo Goberno para este fin.

ñ) Calquera outra función que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

2. Os fins e as funcións respectivamente recollidas no artigo 3 e no número anterior deste artigo considéranse de interese xeral».

Cinco. O artigo 7 do estatuto queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 7. *Consello de Administración.*

1. Formarán o Consello de Administración do ICEX o presidente, o conselleiro delegado e trece vogais, que serán nomeados polo ministro de Economía e Competitividade.

2. O secretario de Estado de Comercio exercerá como presidente do Consello de Administración e o conselleiro delegado como o seu vicepresidente.

3. Dez vogais serán nomeados en representación do sector público estatal por proposta da Secretaría de Estado de Comercio, dos cales cinco pertencerán ao Ministerio de Economía e Competitividade e cinco a outros ministerios, sociedades públicas estatais, entidades públicas empresariais ou outros organismos públicos cuxo ámbito de actuación presente unha maior vinculación cos fins da entidade. Todos eles deberán ter unha categoría mínima de subdirector xeral ou asimilado, no caso dos ministerios, e de director ou asimilado no resto do sector público. Outros tres vogais serán nomeados do seguinte xeito: un en representación da Confederación Española de Organizacións Empresariais, o segundo en representación das comunidades autónomas, que será designado por proposta do órgano de cada comunidade autónoma con competencias en comercio e rotará anualmente entre as seis comunidades autónomas con maior volume de exportacións e, por último, un terceiro vogal, nomeado por proposta do Consello Superior de Cámaras.

4. Asistirá ás sesións do Consello de Administración un secretario non conselleiro que nomeará e, de ser o caso, separará o Consello de Administración, con voz pero sen voto, que o será tamén do Consello de Orientación Estratéxica e que pertencerá ao corpo de avogados do Estado. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, designarase un suplente temporal por acordo do Consello de Administración».

Seis. O número 6 do artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«6. Elaborarase acta das sesións, que poderá aprobarse na propia sesión a que se refire ou na seguinte. A acta será asinada polo secretario co visto e prace do presidente do Consello de Administración».

Sete. O artigo 9 do estatuto queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 9. *Funcións do Consello de Administración.*

1. Corresponderanlle ao Consello de Administración as seguintes funcións:

a) Aprobar o plan estratéxico do ICEX, por proposta do conselleiro delegado e co informe previo do Consello de Orientación Estratéxica.

b) Aprobar, por proposta do conselleiro delegado, o programa de actuación plurianual, integrado polos estados financeiros e a documentación complementaria prevista no artigo 65 da Lei xeral orzamentaria.

c) Aprobar, por proposta do conselleiro delegado, o anteproxecto de orzamentos de explotación e capital do ICEX e elevalos ao Ministerio de Economía e Competitividade para a súa tramitación conforme o establecido na Lei xeral orzamentaria.

d) Aprobar, por proposta do conselleiro delegado, as contas anuais, o informe de xestión e a aplicación da conta de perdas e ganancias do ICEX en cada exercicio económico.

e) Aprobar, por proposta do conselleiro delegado, a participación en sociedades mercantís ou empresas nacionais ou estranxeiras, cuxo obxecto estea relacionado cos fins do ICEX, e determinar o seu importe, a forma e as condicións.

f) Autorizar as operacións de crédito e demais operacións de endebedamento que poidan convir ao ICEX, por proposta do conselleiro delegado, así como aprobar toda clase de programas de apoio e operacións financeiras, todo iso cos límites que se establezan nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

g) Aprobar, se é o caso, os actos de disposición de bens e fondos propios, os investimentos, os contratos e os pactos ou convenios que propoña o conselleiro delegado do ICEX.

h) Aprobar os cadros de persoal e o seu réxime retributivo, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

i) Calquera outra que non estea atribuída ao presidente ou conselleiro delegado.

2. O Consello de Administración poderá delegar as súas competencias no conselleiro delegado, nos directores xerais, no secretario xeral ou nos directores da entidade, con excepción das sinaladas nas alíneas a), b), c) e d). Así mesmo, establecerá os límites por debaixo dos cales corresponderá ao conselleiro delegado, ou aos órganos a que se delegase a correspondente competencia, o exercicio das funcións previstas nas alíneas e), f) e g)».

Oito. O artigo 11 do estatuto queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 11. *Centros directivos e de coordinación.*

1. Dependendo do conselleiro delegado encóntranse dous centros directivos:

a) A Dirección Xeral de Internacionalización da Empresa.

A súa función será a dirección das actividades da entidade pública empresarial en relación coa internacionalización da empresa española.

b) A Dirección Xeral de Cooperación Institucional e Coordinación.

As súas funcións serán a dirección e a coordinación das actividades da entidade pública empresarial en relación coa cooperación institucional e aquelas relacionadas cos fins da entidade que lle encomende o conselleiro delegado.

2. Os titulares destes centros directivos serán nomeados, e de ser o caso cesados, por orde do ministro de Economía e Competitividade, do que deberá ser informado posteriormente o Consello de Administración. Estarán afectados polo réxime de incompatibilidade establecido pola Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

3. O ICEX contará así mesmo cunha secretaría xeral, que coordinará as actividades administrativas das distintas unidades e cantas funcións lle asigne o conselleiro delegado, que actuará como interlocutor, nestas materias, dos directores da rede territorial e exterior da Secretaría de Estado de Comercio».

Nove. O artigo 12 do estatuto queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 12. *Consello de Orientación Estratéxica.*

1. O Consello de Orientación Estratéxica é un órgano de reflexión e debate sobre a estratexia do ICEX, que propondrá as súas liñas e plans de actuación, procurando o máximo consenso entre as prioridades do sector público e privado na internacionalización empresarial.

2. Será presidido polo ministro de Economía e Competitividade e estará integrado polo secretario de Estado de Comercio, o conselleiro delegado e vinte e tres vogais que contén con recoñecida experiencia e prestixio no ámbito da internacionalización. Asistirá ás reunións un secretario, coas especificacións establecidas no artigo 7.4.

3. No suposto de ausencia, vacante, enfermidade ou outro impedimento legal do presidente, este será suplido no exercicio destas funcións polo secretario de Estado de Comercio e, no seu defecto, polo conselleiro delegado do ICEX.

4. Os vogais serán designados do seguinte xeito: tres en representación e propostos pola Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa e o Consello Superior de Cámaras; nove en representación de sectores prioritarios na internacionalización empresarial; nove en representación de empresas con acreditada experiencia en internacionalización e dous en representación de asociacións, entidades ou grupos vinculados coa promoción da internacionalización e a imaxe de España. Todos eles, agás os tres primeiros, serán propostos pola Secretaría de Estado de Comercio.

5. Os vogais serán nomeados e, de ser o caso, separados polo presidente do Consello de Orientación Estratéxica. Os nove vogais nomeados en representación de sectores prioritarios na internacionalización deberán rotar anualmente».

Dez. O número 1 do artigo 13 do estatuto queda redactado do seguinte xeito:

«1. O Consello de Orientación Estratéxica reunirse, logo de convocatoria do seu presidente, cando este o xulgue necesario e, polo menos, dúas veces ao ano. A asistencia ás reunións do Consello de Orientación Estratéxica non será retribuída. O presidente poderá convidar aqueles representantes do sector público ou privado que considere conveniente a asistir ao Consello, de acordo coa natureza dos asuntos que se vaian tratar».

Once. O artigo 14 do estatuto queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 14. *Funcións do Consello de Orientación Estratéxica.*

O Consello de Orientación Estratéxica terá as seguintes funcións:

a) Emitir informe e formular propostas en relación coas liñas e os plans de actuación do ICEX, que, se é o caso, serán aprobados polo Consello de Administración.

b) Promover unha estreita colaboración e complementariedade entre as actuacións do ICEX e as similares desenvolvidas polas organizacións representativas do sector privado.

c) Emitir informe sobre o plan estratéxico do ICEX proposto polo conselleiro delegado con carácter previo á súa aprobación polo Consello de Administración.

d) Emitir informe sobre a memoria anual de actividades desenvolvidas ao longo do exercicio, con carácter previo á súa aprobación polo Consello de Administración.

e) Asesorar o ICEX para contribuír a que as súas actuacións se adecuen ao cumprimento dos seus obxectivos e funcións».

Doce. O artigo 17 do estatuto queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 17. *Persoal directivo.*

1. O persoal directivo do ICEX desenvolverá as súas funcións directivas profesionais, consistentes na planificación e coordinación de actividades propias dun ámbito concreto de actuación, na xestión do orzamento asignado, no cumprimento de obxectivos asignados e na dirección de equipos de traballo. Terán a consideración de persoal directivo os directivos encadrados no artigo 3.1.b) do Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos do sector público empresarial, incluídos os directivos que dependan dos directores xerais da entidade. A determinación e modificación das condicións retributivas do persoal directivo realizarase de acordo co citado Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, e coas ordes de clasificación de entidades públicas empresariais, especialmente en relación coas previsións derivadas dos procesos de integración empresarial sobre o número de directivos autorizados.

2. O persoal directivo desempeñará o seu cargo con dedicación absoluta, plena independencia e total obxectividade, someténdose no desenvolvemento dos seus labores á avaliación conforme os criterios de eficacia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados. Deberá observar os deberes de dilixencia, discreción e sxiilo profesional no desempeño do seu cargo e seralle aplicable tamén o réxime de incompatibilidades previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

3. Os directivos serán nomeados e, de ser o caso, separados polo presidente do ICEX, por proposta do conselleiro delegado, atendendo á súa experiencia e cualificación profesional, do cal debe ser informado o Consello de Administración; estes quedan sometidos ao réxime laboral especial de alta dirección que se rexe pola disposición adicional oitava da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral; polo Real decreto 451/2012 e polo Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de persoal de alta dirección, no que non se opoña a este último real decreto, así como pola vontade das partes.

4. Os funcionarios da Administración xeral do Estado que cubran destino como persoal directivo no ICEX quedarán en situación administrativa de servizos especiais, de conformidade co establecido no Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril.

5. A designación do persoal directivo realizarase mediante os procedementos regulados pola normativa interna do ICEX, que, en todo caso, garantirán os principios de mérito e competencia profesional, así como a publicidade e a concorrencia».

Trece. Introdúcese un novo artigo 17.bis no estatuto coa seguinte redacción:

«Artigo 17 bis. *Subdirectores e directores adxuntos.*

1. Os subdirectores e directores adxuntos, que non terán a consideración de persoal directivo, desenvolverán funcións de coordinación, seguimento, control e avaliación da xestión operativa dunha división ou área de internacionalización, atracción de investimentos ou cooperación. Serán nomeados polo conselleiro delegado, quedarán sometidos a unha relación laboral de carácter común e poderán subscribirse para tal efecto pactos individuais que serán recollidos nos seus respectivos contratos de traballo.

2. A determinación e modificación das condicións retributivas dos subdirectores e directores adxuntos do ICEX axustarase ao disposto no artigo 55 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e ás demais disposicións en materia de gastos de persoal que lles resulten de aplicación.

3. A designación dos subdirectores e directores adxuntos realizarase mediante os procedementos regulados pola normativa interna do ICEX que, en todo caso, garantirán os principios de mérito e competencia profesional, así como a publicidade e a concorrencia».

Disposición adicional primeira. *Denominacións.*

As referencias ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Secretaría de Estado de Comercio Exterior no Real decreto 1636/2011, do 14 de novembro, deberán ser substituídas polas de Ministerio de Economía e Competitividade e Secretaría de Estado de Comercio, respectivamente.

Disposición adicional segunda. *Impacto no gasto público.*

A aprobación deste real decreto non suporá, en ningún caso, aumento do gasto público.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de agosto de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO